

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG AO PLENO DO CONCELLO SOBRE UNHA AUDITORIA

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante a presión fiscal que sufrimos os veciños e veciñas de Ares, derivada da situación económica do Concello, cremos que é necesario que a veciñanza teña unha información económica contrastada, xa que é a nosa obriga ofrecela como xestores da "cosa pública".


A débeda viva do Concello de Ares a data de 31 de Decembro de 2008 era de 2.350.000 € e a 31 de Decembro de 2013 situámonos en 4.207.000 € segundo os datos publicados polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Cumpre entón, pór a disposición dos administrados e administradas, toda a información que explique cal é o estado financeiro do seu Concello, e que esta información estea contrastada polos organismos que teñen encomendada a labor de fiscalización e control das contas públicas.

De acordo co anterior, e dado que a "Lei 6/1985, do Consello de Contas reserva a competencia para acordar a iniciación do procedemento fiscalizador ao Pleno da Institución" sométese á consideración do Pleno a aprobación do seguintes:

ACORDO

- 1.- Solicitar ao Consello de Contas unha auditoría das contas do noso concello.

En Ares, a 13 de xullo de 2015.



Asdo.: Emilio Mesias Farías

(Portavoz do Grupo Municipal do BNG)

